



Programación didáctica do Departamento de ECONOMÍA

Curso 2009 —2010
IES As Telleiras

Membros do departamento:	Sinaturas:
(Xefe do departamento): Eduardo Castro Mayobre	

Índice:

<i>1.- Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras.....</i>	<i>4</i>
1.1. Competencias Básicas.....	4
1.2. Terceiro Curso da E.S.O.....	5
1.2.1. Obxectivos.....	5
1.2.2. Contidos.....	7
1.2.2.1 Conceptuais.....	7
1.2.2.2 Procedementais.....	9
1.2.2.3 Actitudinais.....	9
1.2.2.4 Competencias Básicas por tema:.....	10
1.2.3. Contidos mínimos.....	11
1.2.4. Criterio de avaliación.....	11
1.2.5. Metodoloxía didáctica.....	11
1.2.6. Procedemento de avaliación.....	12
1.2.7. Actividades de recuperación.....	14
1.2.8. Contribución ao Proxecto Lector.....	14
1.2.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs.....	14
1.2.10. Materiais e recursos didácticos.....	14
1.2.11. Actividades complementarias e extraescolares.....	14
1.2.12. Medidas de atención á diversidade.....	14
1.2.12.1 Diversificación curricular.....	14
1.2.12.2 Adaptación curricular.....	14
<i>2.- Economía.....</i>	<i>23</i>
2.1. Competencias Básicas.....	23
2.2. Primeiro de Bacharelato.....	23
2.2.1. Obxectivos.....	23
2.2.2. Contidos.....	23
2.2.2.1 Conceptuais.....	25
2.2.2.2 Procedementais.....	26
2.2.2.3 Actitudinais.....	26
2.2.3. Contidos mínimos.....	26
2.2.4. Metodoloxía didáctica.....	26
2.2.5. Procedemento de avaliación.....	26
2.2.6. Actividades de recuperación.....	27
2.2.7. Materiais e recursos didácticos.....	27
2.2.8. Actividades complementarias e extraescolares.....	27
2.2.9. Medidas de atención á diversidade.....	27
<i>3.- Economía e Organización de Empresas.....</i>	<i>28</i>
3.1.1. Obxectivos.....	28
3.2. Segundo de Bacharelato.....	28
3.2.1. Obxectivos.....	28
3.2.2. Contidos.....	28
3.2.2.1 Conceptuais.....	30
3.2.2.2 Procedementais.....	31
3.2.2.3 Actitudinais.....	31
3.2.3. Contidos mínimos.....	31
3.2.4. Criterio de avaliación.....	31
3.2.5. Metodoloxía didáctica.....	32
3.2.6. Procedemento de avaliación.....	32
3.2.7. Actividades de recuperación.....	32
3.2.8. Materiais e recursos didácticos.....	32
3.2.9. Actividades complementarias e extraescolares.....	32

3.2.10. Medidas de atención á diversidade.....	32
3.2.10.1 Diversificación curricular.....	32
3.2.10.2 Adaptación curricular.....	32
4.- Criterios para avaliar a programación.....	33

1.- Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras

1.1. Competencias Básicas

A incorporación de competencias básicas ao noso proxecto curricular vai permitir poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. A adquisición destas competencias básicas, que debe desenvolver un alumno ou unha alumna ao finalizar o ensino obrigatorio, capacitaranlle para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades.

En primeiro lugar, integrar as diferentes aprendizaxes, tanto os formais, relativos á área de Iniciativa emprendedora, como os informais e non formais.

En segundo lugar, permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelos en relación con distintos tipos de contidos e utilízaos de xeito efectivo cando lles resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

E, por último, orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

A área de Iniciativa emprendedora vai contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia, en parte, do traballo nesta área, que á súa vez debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do ámbito físico, a creación, a convivencia e a cidadanía, ou a alfabetización dixital.

Igualmente, a acción tutorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais.

Por último, a planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA INICIATIVA EMPRENDEDORA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O carácter integrador da materia de Iniciativa emprendedora, fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das seguintes competencias básicas:

Coñecemento e a interacción co mundo físico

Esta materia contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co medio físico mediante a adquisición dos coñecementos necesarios para a comprensión e o desenvolvemento do proxecto emprendedor, mediante a análise das habilidades sociais e de dirección, e a través das destrezas que permitan a súa manipulación e transformación.

Autonomía e iniciativa persoal

A contribución á autonomía e iniciativa persoal artículase a través dunha metodoloxía de proxectos emprendedores. Esta metodoloxía precisa que o alumnado se enfrente aos problemas de forma autónoma e creativa, así como que se formulen diversas estratexias de organización interpersoal, o que proporciona oportunidades para o desenvolvemento de calidades persoais tanto individuais como sociais.

Competencia en comunicación lingüística

A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ha de ser utilizado na elaboración do proxecto emprendedor. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais.

Competencia matemática

A contribución da materia á adquisición da competencia matemática realízase mediante a análise do proxecto emprendedor, que necesita o uso de ferramentas matemáticas, a lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.

Competencia para aprender a aprender

A observación e a exploración do ámbito social, a planificación e a organización do traballo, a realización de diferentes tarefas, a asunción de responsabilidades e a toma de decisións son accións que posibilitan a adquisición de aprendizaxes significativas e útiles contribuindo ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender e á autonomía e iniciativa persoal do alumnado.

Competencia social e cidadá

Ademais, estas capacidades fomentan a adquisición da competencia social e cidadá ao lograr un desenvolvemento persoal e profesional que permita unha eficaz incorporación dos individuos a un ámbito laboral real, e porque cada vez en maior medida a sociedade reclama a presenza de persoas emprendedoras, con ideas propias e iniciativa, que de forma responsable e respectuosa estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora esa sociedade.

Tratamento da información e competencia dixital

A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta integrante do proceso ensino-aprendizaxe e como ferramenta de traballo eficaz na vida cotiá, para buscar, seleccionar e interpretar información permite aos alumnos adquirir a competencia no tratamento da información e a competencia dixital, que facilitan o achegamento a outras realidades culturais e socioeconómicas.

1.2. Terceiro Curso da E.S.O

1.2.1. Obxectivos.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a hubiere, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA

O ensino da materia optativa Iniciativa emprendedora contribuirá a desenvolver no alumno as seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de emprendedor e a súa evolución a través do tempo.
2. Valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación.
3. Coñecer os trazos que caracterizan a persoa emprendedora e como se manifestan as súas capacidades e actitudes concretas de aprendizaxe.
4. Desenvolver o espírito emprendedor a través do fomento de actitudes, capacidades, habilidades sociais e de dirección.
5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.
6. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción sociolaboral, tendo en conta as características do seu ámbito.
7. Desenvolver capacidades de negociación e resolución de problemas.
8. Definir os aspectos xerais e os elementos que constitúen un proxecto emprendedor.
9. Coñecer as funcións e responsabilidades das persoas que interveñen nas diferentes facetas do proxecto.
10. Obter, seleccionar e interpretar información sobre os aspectos socioeconómicos e financeiros relevantes que afecten ao proxecto.
11. Desenvolver habilidades de comunicación e actitudes que posibiliten aos alumnos integrar os coñecementos adquiridos na realidade do proxecto.
12. Elaborar, planificar e executar o proxecto.
13. Analizar as conclusións e propostas de mellora.

1.2.2. Contidos

1.2.2.1 Conceptuais

O contido dos temas explicados terán un nivel moi sinxelo xa que se trata dunha materia de terceiro curso e que o número de horas non é moi extenso. No seguinte curso produndizarase en cada un destes temas, para alcanzar unha comprensión profunda dos mesmos

Primeira Avaliación

1. O espírito emprendedor

- . A figura do emprendedor
- . Calidades do emprendedor
- 2. Habilidades sociais: o traballo en equipo
 - . A evolución histórica da organización do traballo
 - . ¿Que é o traballo en equipo?
 - . Os roles dentro dos equipos de traballo
 - . Dinámicas de grupo
- 3. Habilidades sociais: a comunicación
 - . O proceso de comunicación na empresa. Elementos e barreiras comunicativas
 - . A comunicación verbal e non verbal
 - . Habilidades e técnicas de comunicación
- 4. Habilidades de dirección (I)
 - . A función de dirección
 - . O comportamento directivo
 - . O liderado. Estilos de liderado
 - . Teorías sobre o liderado

Segunda Avaliación

- 5. Habilidades de dirección (II)
 - . O conflito e a negociación
 - . Estilos de negociación
 - . O proceso de toma de decisións
 - . Ferramentas para a toma de decisións
- 6. O emprendedor na sociedade
 - . O macroámbito empresarial
 - . O microámbito
- 7. A idea emprendedora
 - . A idea emprendedora
 - . Técnicas para estimular a creación de ideas
 - . Inicio do Proxecto de Empresa
- 8. Planificación do Proxecto: investigación de mercados
 - . A investigación de mercados
 - . A viabilidade do Proxecto de Empresa

Terceira Avaliación

- 9. Plan de mercadotecnia
 - . O plan de mercadotecnia
 - . O produto e o prezo
 - . Distribución e comunicación
- 10. Plan de Recursos Humanos
 - . Viabilidade persoal

- . A organización e a cultura empresarial
- . Xestión de Recursos Humanos

- 11. Plan económico financeiro
 - . Plan de investimentos
 - . Plan de financiamento
 - . O patrimonio da empresa
 - . O plan de tesouraría

- 12. Fase final
 - . Área xurídica
 - . Avaliación e control

1.2.2.2 Procedementais

1.2.2.3 Actitudinais

Como é unha orbriga do alumno o bo comportamento na aula, se lles recordará as normas básicas de comportamento cando se está nun grupo e a necesidade de ter unha actitude que lles permita aproveitar as explicacións recibidas.

No caso de que o alumno non o faga, verá a calificación trimestral diminuída ata un máximo de dous puntos

1.2.2.4 Competencias Básicas por tema:

		TEMAS											
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
C O M P E T E N C I A S	1												
	2												
	3												
	4												
	5												
	6												
	7												
	8												

Competencias: 1.- Competencia en comunicación lingüística. 2.- Competencia matemática. 3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. 4.- Tratamento da información e competencia dixital. 5.- Competencia social e cidadá. 6.- Competencia cultural e artística. 7.- Competencia para aprender a aprender. 8.- Autonomía e iniciativa persoal.

1.2.3. Contidos mínimos

- Comprensión dos requisitos persoais necesarios por parte dun emprendedor para tomar a decisión de crear unha empresa e lograr unha xestión adecuada da mesma
- Necesidade de ter en conta a situación do mercado, elaborando un estudo previo antes de iniciar a actividade, para comprender os problemas que terán que afrontar nos primeiros anos e que levan a que unha gran parte das novas empresas teñan que pechar.
- Obtención da financiación necesaria para iniciar a actividade, posibilidade de obter axudas
- Determinar os custos do produto ou servizo, para fixar o prezo de venda que permita obter unha rendabilidade suficiente para a empresa.
- Requisitos legais necesarios para fundar unha empresa neste país.

1.2.4. Criterio de avaliación

1. Describir as características do emprendedor e identificar as súas calidades persoais e profesionais.
2. Recoñecer as ideas e desenvolvementos máis innovadores que se xeran na sociedade.
3. Examinar as diferentes opcións de formación e inserción sociolaboral existentes na actualidade, destacando a capacidade creativa e innovadora como recursos básicos.
4. Seleccionar a información relevante e organizar a busca dos datos necesarios para a toma de decisións e a súa integración na elaboración do proxecto.
5. Identificar e definir os aspectos determinantes do proxecto emprendedor.
6. Analizar e argumentar a viabilidade persoal, técnica, institucional e financeira do proxecto.
7. Coñecer os trámites e actuacións a realizar para iniciar o proxecto.
8. Precisar as fases que conforman o proxecto: obxectivos, planificación, execución, avaliación e control.
9. Valorar as conclusións e propostas formuladas.
10. Recoñecer as actitudes e calidades persoais e en particular a predisposición, responsabilidade, comportamento e implicación no proxecto.
11. Apreciar as habilidades sociais e de dirección desenvolvidas ao longo do proceso e en concreto a capacidade de comunicación, de relación e de traballo en equipo na elaboración do proxecto emprendedor.

1.2.5. Metodoloxía didáctica

No proceso de ensino-aprendizaxe xogan un papel importante tanto os criterios metodolóxicos, que guían a intervención educativa, como as medidas organizativas e estruturais que permiten a utilización axeitada dos recursos dos que dispón o centro.

Criterios metodolóxicos

As liñas metodolóxicas que deben orientar a intervención educativa pódense sintetizar e concretar do seguinte xeito:

a) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno/a, para construír a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o seu rendemento.

b) A metodoloxía adaptarase ás características de cada alumno e alumna, atendendo á súa diversidade, favorecerá a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e para traballar en equipo, e atenderá aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

c) A organización docente deberá atender ás necesidades, aptitudes e intereses que demanden os alumnos segundo se vaian detectando no proceso de ensino-aprendizaxe.

d) A agrupación de alumnos na aula poderá ser variable e flexible, en función das actividades que se vaian realizar na aula, sen desprezar por iso o traballo persoal e individualizado.

e) Darase prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánico ou memorístico.

f) Propiciaranse as oportunidades para que os alumnos poidan poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que poidan comprobar a utilidade do que aprenderon, e o saiban aplicar noutros contextos á súa vida cotiá.

g) A actividade educativa procurará dar unha formación personalizada, fomentará a participación dos alumnos, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado, e promoverá a relación co ámbito.

h) Fomentarase, de acordo coas competencias básicas, a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu; desta forma, os alumnos analizarán o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

1.2.6. Procedemento de avaliación

Consideramos que para realizar unha axeitada intervención educativa, é necesario formular unha avaliación ampla e aberta á realidade das tarefas de aula e das características do alumnado, con especial atención ao tratamento da diversidade.

Os instrumentos de avaliación defínense como aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado. Desta forma a avaliación debe apoiarse na recollida de información.

Por iso é necesario que o equipo de profesores determine as características esenciais dos procedementos de avaliación; entre elas subliñamos as seguintes:

- Ser moi variado, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos curriculares e contrastar datos da avaliación das mesmas aprendizaxes obtidas a través dos seus distintos instrumentos.
- Poder ser aplicados, algúns de eles, tanto polo profesor como polos alumnos en situacións de autoavaliación e de coavaliación.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- Utilizar distintos códigos (verbais, sexan orais ou escritos, gráficos, numéricos, audiovisuais, etc.) cando se trate de probas dirixidas ao alumnado, de modo que se adecúen ás distintas aptitudes e que o código non mediatice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade e a adquisición das competencias básicas.

A continuación enumeramos algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- ? Observación sistemática
 - Observación directa do traballo na aula, laboratorio ou talleres.
 - Revisión dos cadernos de clase.
 - Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.

- ? Analizar as producións dos alumnos
 - Caderno de clase.
 - Resumos.
 - Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).
 - Producións escritas.
 - Traballos monográficos.
 - Memorias de investigación.

- ? Avaliar as exposicións orais dos alumnos
 - Debates
 - Postas en común.
 - Diálogos
 - Entrevista.

- ? Realizar probas específicas
 - Obxectivas.
 - Abertas.
 - Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.
 - Resolución de exercicios
 - Autoavaliación
 - Coavaliación

Fundamentalmente, empregarase a explicación da materia por parte do profesor, plantexando cuestións que o alumno teña que resolver de forma individual ou en grupo, consultando distintas fontes de información, coma internet, revistas, periódicos, para a realización de traballos individuais ou colectivos.

Tamén poderán realizarse probas escritas có fin de comprobar o aproveitamento polo alumnado da materia explicada.

A calificación final da materia obterase como media aritmética simple das calificacións trimestrais.

Para superar a materia a calificación final debe ser a lo menos de 4.5, tendo en conta que se puntuaran os traballos e exames sobre dez e que o mal comportamento, actitude pasiva ou negativa poden levar a que a calificación do trimestre dimiuia ata dous puntos.

No caso de ter que recuperar a materia dalgún parcial, a nota final correspondente a esa parte será a media aritmética simple da nota inicial e da recuperación, no caso de conseguir aprobar na recuperación.

1.2.7. Actividades de recuperación

1.2.8. Contribución ao Proxecto Lector

1.2.9. Contribución ao Plan de Integración das TICs

1.2.10. Materiais e recursos didácticos

Explicación por parte de profesor.

Busqueda de información en Internet, periódicos, revistas.

Elaboración de traballos e realización de probas escritas

1.2.11. Actividades complementarias e extraescolares

1.2.12. Medidas de atención á diversidade

1.2.12.1 Diversificación curricular

1.2.12.2 Adaptación curricular

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a hubiere, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA

O ensino da materia optativa Iniciativa emprendedora contribuirá a desenvolver no alumno as seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de emprendedor e a súa evolución a través do tempo.
2. Valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación.
3. Coñecer os trazos que caracterizan a persoa emprendedora e como se manifestan as súas capacidades e actitudes concretas de aprendizaxe.
4. Desenvolver o espírito emprendedor a través do fomento de actitudes, capacidades, habilidades sociais e de dirección.
5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de iniciativas emprendedoras.
6. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción sociolaboral, tendo en conta as características do seu ámbito.
7. Desenvolver capacidades de negociación e resolución de problemas.
8. Definir os aspectos xerais e os elementos que constitúen un proxecto emprendedor.
9. Coñecer as funcións e responsabilidades das persoas que interveñen nas diferentes facetas do proxecto.
10. Obter, seleccionar e interpretar información sobre os aspectos socioeconómicos e financeiros relevantes que afecten ao proxecto.
11. Desenvolver habilidades de comunicación e actitudes que posibiliten aos alumnos integrar os coñecementos adquiridos na realidade do proxecto.
12. Elaborar, planificar e executar o proxecto.
13. Analizar as conclusións e propostas de mellora.

1.2.13.Contidos

1.2.13.1Conceptuais

Primeira Avaliación

1. O espírito emprendedor
 - . A figura do emprendedor
 - . Calidades do emprendedor
2. Habilidades sociais: o traballo en equipo
 - . A evolución histórica da organización do traballo
 - . ¿Que é o traballo en equipo?
 - . Os roles dentro dos equipos de traballo
 - . Dinámicas de grupo
3. Habilidades sociais: a comunicación

- . O proceso de comunicación na empresa. Elementos e barreiras comunicativas
- . A comunicación verbal e non verbal
- . Habilidades e técnicas de comunicación
- 4. Habilidades de dirección (I)
 - . A función de dirección
 - . O comportamento directivo
 - . O liderado. Estilos de liderado
 - . Teorías sobre o liderado

Segunda Avaliación

- 5. Habilidades de dirección (II)
 - . O conflito e a negociación
 - . Estilos de negociación
 - . O proceso de toma de decisións
 - . Ferramentas para a toma de decisións
- 6. O emprendedor na sociedade
 - . O macroámbito empresarial
 - . O microámbito
- 7. A idea emprendedora
 - . A idea emprendedora
 - . Técnicas para estimular a creación de ideas
 - . Inicio do Proxecto de Empresa
- 8. Planificación do Proxecto: investigación de mercados
 - . A investigación de mercados
 - . A viabilidade do Proxecto de Empresa

Terceira Avaliación

- 9. Plan de mercadotecnia
 - . O plan de mercadotecnia
 - . O produto e o prezo
 - . Distribución e comunicación
- 10. Plan de Recursos Humanos
 - . Viabilidade persoal
 - . A organización e a cultura empresarial
 - . Xestión de Recursos Humanos
- 11. Plan económico financeiro
 - . Plan de investimentos
 - . Plan de financiamento
 - . O patrimonio da empresa
 - . O plan de tesouraría
- 12. Fase final
 - . Área xurídica

Avaliación e control

1.2.13.2 Procedementais

1.2.13.3 Actitudinais

Como é unha orbriga do alumno o bo comportamento na aula, se lles recordará as normas básicas de comportamento cando se está nun grupo e a necesidade de ter unha actitude que lles permita aproveitar as explicacións recibidas.

No caso de que o alumno non o faga, verá a calificación trimestral diminuída ata un máximo de dous puntos

2.-Economía

2.1. Competencias Básicas

- Tratándose dunha ciencia social, as competencias que se poden tratar nesta asignatura serán fundamentalmente de tipo lingüístico (ao ser necesario dispor dun amplo vocabulario e coñecer con precisión o uso e significado dunha terminoloxía propia do ámbito desta ciencia) e matemática (ao ser necesaria para a resolución de problemas que se plantexaran, incidindo na necesidade de definir con claridade as variables que se van a empregar, indicar con claridade o plantexamento do problema e os cálculos intermedios para que se poda correxir se e necesario os posibles erros e as unidades da solución (días, quilos, unidades, porcentaxe...).
- En caso de ser posible e dispor dos medios necesarios (ordeadores e tempo para poder empregarlos) tamén sería interesante que o alumno se acostume a buscar a información de datos económicos en internet e comentar noticias procedentes da prensa o da edición dixital dalgún xornal que dispoñan dunha boa sección de economía, como “El País” ou “El Mundo” (evolución do paro, ascenso das marcas brancas, subida de impostos, evolución do PIB, inflación e deflación,...)

2.2. Primeiro de Bacharelato

2.2.1. Obxectivos.

- Que o alumno comprenda o funcionamento básico do sistema económico e que sexa capaz de entender a información de tipo económico que recibe de múltiples fontes.
- Que perciba a importancia que ten a Economía na vida de calquera persoa, xa que pode explicar o comportamento da mesma en moitos aspectos da súa vida (traballo, soldo, impostos, deslocalización, formación en capital humano, PIB, renta per capita, inflación, qué é o diñeiro...), do mesmo xeito que ser a causa primordial de moitos fenómenos sociais (descubrimentos, guerras ...)
- O alumno debe empezar a afacerse a empregar con exactitude termos técnicos que se empregan na economía, especialmente os de uso máis frecuente nos medios de comunicación

2.2.2. Contidos

Primeira avaliación:

Tema 01: O problema básico da Economía

- A Economía, unha ciencia útil
- A escaseza de recursos e a necesidade de elixir
- Os distintos tipos de necesidades
- Os bens e servizos que satisfán necesidades

Número de sesións necesarias: 9

-Tema 02: Organización económica e sistemas económicos.

- Problemas básicos da organización económica
- Os factores de produción
- As posibilidades de produción
- O crecemento económico
- Os sistemas económicos
- O sistema de economía mixta

Número de sesións necesarias: 10

-Tema 03: Os protagonistas da Economía

- As economías domésticas
- As empresas
- O sector público
- O fluxo circular da renda

Número de sesións necesarias: 10

Segunda avaliación:

-Tema 05: Funcionamento do mercado: oferta e demanda

- Do troco ao mercado
- A demanda
- A oferta
- O equilibrio do mercado
- Os cambios das condicións de mercado

Número de sesións necesarias: 10

-Tema 06: Tipos de mercado

- Os distintos tipos de mercado
- Mercados de competencia perfecta
- Un mercado de competencia imperfecta: o monopolio
- Outros mercados de competencia imperfecta

Número de sesións necesarias: 10

-Tema 07: O mercado de traballo

- O mercado de traballo
- O problema do desemprego
- Efectos do paro e tipos de desemprego
- Política de emprego

Número de sesións necesarias: 10 (do 8 de Feb. ó 1 de Mar.)

-Tema 08: As magnitudes nacionais

- A perspectiva global da economía
- Os problemas macroeconómicos.
- La medición do crecemento dunha economía
- Qué mide e que non mide o P.I.B.
- Magnitudes derivadas do PIB
- Os compoñentes do PIB
- PIB e calidade de vida
- ¿É o mesmo renda que riqueza?

Número de sesións necesarias: 10

Terceira avaliación:

-Tema 09: A intervención do Estado na economía

- O papel do Estado nos sistemas de economía mixta
- Os fallos do mercado: os ciclos económicos
- As externalidades e os bens públicos
- A competencia imperfecta e a distribución da renda
- As funcións do sector público nunha economía de mercado
- As medidas de política económica

Gran parte da materia deste tema xa foi tratada no tema 2, cando explicouse os fallos do sistema económico capitalista e a necesidade da intervención do Estado, dando lugar a una economía mixta (asignación de recursos polo mercado con intervención do Estado, polo que se centrará a explicación no concepto e instrumentos da política económica.

Número de sesións necesarias: 10

-Tema 10: Os orzamentos xerais do estado e a política fiscal

- Estrutura e ámbito do sector público
- O gasto público
- A evolución do gasto público
- Os ingresos públicos
- Os impostos que pagamos os españois
- O déficit público e o seu financiamento

Número de sesións necesarias: 10

-Tema 11: ¿Que é o diñeiro?

- ¿Cómo xurdiu o diñeiro?
- ¿Por que as persoas demandan diñeiro?

- Precio do diñeiro: os tipos de interese
- A oferta monetaria
- ¿Quén controla a oferta monetaria en España?
- A política monetaria na Unión Europea

Número de sesións necesarias: 8

2.2.2.1 Conceptuais

Na primeira avaliación

–comprensión clara da importancia da Economía como Ciencia que serve para explicar o comportamento da sociedade.

–Coñecemento da existencia de diferentes sistemas económicos, con sus deficiencias, o cal supón a necesidade de que o Estado asuma unha serie de funcións

–Comprender a interrelación e interdependencia dos distintos axentes económicos e as relacións que xurden entre eles

Na segunda avaliación

comprensión de qué é o mercado, dos seus tipos e os problemas que poden xurdir se non funciona axeitadamente

Estudo dun tipo de mercado (o traballo) coa clasificación da poboación en relación co traballo e a problemática que presenta este mercado en España. Medidas para combatir o paro

O último tema estaría mellor incluílo no bloque da terceira avaliación, ao ser o primeiro correspondente á Macroeconomía; se se imparte neste trimestre é debido a cuestión da distribución temporal:

o alumno debe coñecer o significado das principais variables macroeconómicas e a diferenza entre o funcionamento da micro e macroeconomía

Na terceira avaliación

-comprensión da necesidade de intervención do Estado na economía dun país

–coñecemento dalgunhas medidas de política económica que poden empregarse para tentar corregir os dous problemas macroeconómicos básicos: o paro e a inflación e a dificultado de actuar sobre ambos de forma conxunta.

–Funcións do diñeiro, da política monetaria e os seus efectos sobre a economía do país e nas relacións comerciais con outros países

2.2.2.2 Procedementais

Ao tratarse dun curso de Bacharelato non ten moito sentido falar dunha diferenza entre os contidos procedementais e actitudinais. (ver o apartado seguinte)

2.2.2.3 Actitudinais

Terase en conta o comportamento e o interese manifestado polo alumno durante o curso á hora de fixar a cualificación final da asignatura, xa que a cualificación do trimestre podera diminuír ata dous puntos, a causa do comportamento do alumno. A resaltar que este departamento considera que a calificación debe facerse sobre unha nota de dez, podendo diminuírse, aínda que

outros departamentos neste centro califican sobre unha puntuación de 8, e subila ata dous pntos, o cal pode levar a que un alumno cunha calificación tan baixa coma un 3, consiga aprobar a asignatura ó ter un bó comportamento, neste último caso

A calificación dos exames, controis ou traballos farase sobre unha calificación de 10, sendo posible diminuíla ata un máximo de dous punto na calificación correspondente ao trimestre, debido ao comportamento do alumno/a que impide dar as crases axeitadamente, actitude negativa do mesmo, falta de interese...

Considerarase que ao alumno alcanza os obxectivos fixados, se obtén unha cualificación de 4,5 nos controis realizados.

No caso de que o alumno teña superada a materia de dous parciais e no terceiro obteña unha cualificación mínima de tres, resultando a media aritmética simple de toda a materia superior a cinco, considerarase superada a asignatura

2.2.3. Contidos mínimos

O alumno debe coñecer con moita claridade una serie de conceptos:

Qué é unha necesidade e un ben (con sus posibles clasificaciones) e un servicio.

Qué son os axentes económicos (economía domestica, empresa e Estado) e relación existente entre os mesmos. Mercado de factores de factores de bens e servicios e de factores de produción. Comprender en qué consiste a produción. Concepto de produtividade e problemas de obtención da mesma. As economías de escala e a ley de rendemento decrecente.

Concepto de empresa. Fin e obxetivos da empresa. Cómo actuar para aumentar o beneficio (aumentar ingresos e disminuir custos)

Qué é un sistema económico, os tipos existentes, as súas ventaxas e inconvenientes. Funcionamiento do sistema capitalista e mixto.

Qué é un mercado. Funcionamiento do mercado. Tipos de mercado, incluíndo o monopolio e oligopolio. Oferta y demanda. Obtención das curvas de oferta e demanda. Desplazamiento das curvas e da propia curva. Relación entre a demanda/oferta cunha serie de variables. Determinación do punto de equilibrio no mercado. Concepto de elasticidade da demanda respecto ó precio do propio ben. Problemas sobre a elasticidade.

Estudio dun tipo de mercado de factores de produción: o traballo. A demanda e a oferta. Medidas que se poden adoptar sobre o traballo. Población activa e inactiva (con subdivisiones). Obtención de tasas de actividade, de ocupación e de paro e problemas sobre estas tasas.

Concepto de magnitudes macroeconómicas: PIB e PNB. A Renta Nacional. A Renta per cápita. Crecimiento e desenvolvemento económico.

2.2.4. Metodoloxía didáctica

Mediante explicación por parte do profesor, baseándose no libro de texto e realizando cando sexa posible exercicios prácticos plantexados polo profesor e resoltos primeramente polo mesmo, tendo que facer os alumnos exercicios similares.

2.2.5. Procedemento de avaliación

Mediante probas escritas cada dous temas, existindo recuperación da materia explicada.

Se o alumno non supera a materia de un parcial e sí o fai coa recuperación, a calificación correspondente a esa parte será a media aritmética simple das dúas calificacións, evidentemente cun mínimo de cinco. Non é xusto que un alumno que se enfrenta a un exame por primeira vez

teña a mesma calificación que outro que supera a materia na recuperación, tendo mais tempo para preparalo e sabendo cómo o profesor plantexa as preguntas (hai auténticos especialistas en superar a materia aprobando sempre nas recuperacións).

No caso de que un alumno non poda presentarse ao exame por un motivo xustificado (se e posible avisando antes) a calificación que obteña cando o faga, será considerada como “primer intento” e non “de recuperación”

2.2.6. Actividades de recuperación

2.2.7. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto empregado e : “Economía. Primeiro de Bachillerato” Editorial sm. Autores: Andrés Cabrera, Enrique Lluch e Marta Pedrajas, completado cos apuntes do profesor

2.2.8. Actividades complementarias e extraescolares

En principio, non está previsto realizar ningunha actividade deste tipo

2.2.9. Medidas de atención á diversidade

Non existen, neste curso 2009-2009, alumnos que necesiten este tipo de actuación

3.-Economía e Organización de Empresas

3.1.1. Obxectivos.

-

3.2. Segundo de Bacharelato

3.2.1. Obxectivos.

- O alumno debe empezar a afacerse a empregar con exactitude términos técnicos que se empregan na empresa, especialmente os de uso máis frecuente en libros de texto, textos legais e medios de comunicación
- El alumno debe comprender a importancia da empresa para a economía dun país, os seus principios de funcionamento e as máis importantes normas legais e contables que se lle aplican
- Que coñeza os departamentos existentes nunha empresa de tamaño medio-grande e as competencias que ten.
- Que o alumno comprenda a necesidade de efectuar un estudo previo antes de comezar unha actividade empresarial e coñeza os métodos e técnicas existentes para facelo
- Que coñeza a importancia da contabilidade e a información que se pode obter dela mediante o estudo da composición das masas patrimoniais e dos ratios financeiros.

3.2.2. Contidos

Primeira avaliación:

- Tema 01: A empresa e o seu contorno
 - A empresa como unidade económica
 - Influencia do contorno na empresa
 - Clases de empresas
 - Localización e dimensión da empresa

Número de sesións necesarias: 9

- Tema 02: Lexislación mercantil e fiscal
 - Lexislación mercantil
 - Legislación fiscal

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 03: Formas xurídicas das empresas
 - Tipos de empresas según a súa forma xurídica
 - Empresa individual
 - Sociedades
 - Sociedades mercantís
 - Sociedades de interese social

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 04: Área de produción
 - Concepto de produción
 - A función de produción
 - Os custos da empresa
 - Umbral de rendabilidade ou punto morto
 - A xestión da produción
 - A calidade na empresa
 - A empresa e a protección do medio ambiente

Número de sesións necesarias: 8

Segunda avaliación:

- Tema 05: Área de aprovisionamento
 - A función de aprovisionamento
 - A xestión de inventarios
 - Valoración de existencias

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 06: Área de financiamento e investimento

- Fontes de financiación da empresa
- Coste dunha fonte de financiamento
- O investimento
- Características dun investimento
- Métodos de selección e valoración de investimentos
- Os investimentos e o risco

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 07: Os estados financeiros da empresa
 - O tratamento contable da información
 - O Plan Xeral de Contabilidade
 - O Balance de Situación
 - A Conta de perdas e ganancias
 - A memoria e outros estados financeiros

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 08: Análise dos estados financeiros da empresa (I)
 - Introdución ao análisis de estados contables
 - Análisis patrimonial: estrutura e equilibrio patrimonial

Número de sesións necesarias: 10

- Tema 09: Análise dos estados financeiros da empresa (II)
 - Análise financeira: ratios financeiros e o cadro de financiamento anual
 - Análisis económico: estudos dos resultados e da rendabilidade da empresa

Número de sesións necesarias: 10

Terceira avaliación:

- Tema 10: Área comercial. O marketing
 - O departamento comercial
 - O mercado
 - Estudio do mercado
 - A segmentación de mercados
 - O marketing
 - Os elementos do marketing
 - El plan de marketing

Número de sesións necesarias: 8

- Tema 11: Área de recursos humanos.
 - O departamento de recursos humanos
 - Funcións do departamento de recursos humanos.
 - Os contratos de traballo. Convenios laborais

▪Seguridade e hixiene no traballo

Número de sesións necesarias: 4

3.2.2.1 Conceptuais

Na primeira avaliación

–comprensión clara da importancia da empresa para a economía dun país, dos seus elementos e obxetivos, así como a importancia que ten a capacidade productiva da mesma e a súa localización. Ventaxas e desventaxas que teñen as PEMES e as grandes empresas.

–Comprender a xerarquía normativa, as fontes do dereito mercantil e as principais disposicións en materia contable e fiscal. Estudo detallado dos principais tributos.

–Estudo das formas xurídicas existentes na empresa, facendo fincapé no empresario individual e nas sociedades de tipo capitalista, dada a pouca importancia actual das de tipo personalista

–Estudo da produción na empresa, cos seus custos fixos e variables, directos e indirectos. Determinación do punto morto ou umbral de rendabilidade.

Na segunda avaliación

Necesidade por parte da empresa de manter uns stocks para garantir a produción ou as vendas

Tipos de elementos que poden almacenarse. Necesidade de xestionar estes stocks e métodos de valoración de existencias. Modelos para determinar a cantidade óptima para efectuar un pedido de existencias.

Diferentes tipos de fontes de financiación: externas e internas. Autofinanciación: de mantemento y de enriquecemento. Valoración da rendabilidade dun proxecto de investimento: métodos existentes

Estudo de cómo se fai un balance de situación e da información que se pode obter do mesmo cando se aplican os ratios financeiros. Plantexase o problema de que o plan contable ha cambiado pero os textos que teñen os alumnos aínda non están adaptados a este cambio.

Na terceira avaliación

A necesidade de manter un ritmo de explicación que poda seguir a maioría do alumnado leva a colocar estes temas teóricos ao final do curso ante a moi probable posibilidade de que non haxa tempo para impartila na clase, xa que son temas de estudar e non precisan unha explicación detallada para aclarar conceptos que podan resultar difíciles. De todas formas o profesor estará disponible para acabar a materia ou repasar materia xa explicada nas clases antes da realización das PAU. Se non é posible impartir esta materia, indicárase ao alumnado a súa importancia, en especial o referente ao marketing.

--Estudo básico do marketing, da segmentación de mercados, das marcas comerciais, dos canles de distribución...

–Estudo de algúns tipos de contratos de traballo, dereitos e obrigacións do empresario e do traballador, convenios laborais. O departamento de RRHH na empresa.

3.2.2.2 Procedementais

Ao tratarse dun curso de Bacharelato non ten moito sentido falar dunha diferenca entre os contidos procedementais e actitudinais. (ver o apartado seguinte)

3.2.2.3 Actitudinais

Terase en conta o comportamento e o interese manifestado polo alumno durante o curso á hora de fixar a cualificación final da asignatura, xa que a cualificación do trimestre podera diminuír ata dous puntos, a causa do comportamento do alumno. A resaltar que este departamento considera que a calificación debe facerse sobre unha nota de dez, podendo diminuírse, aínda que outros departamentos neste centro califican sobre unha puntuación de 8, e subíla ata dous pntos, o cal pode levar a que un alumno cunha calificación tan baixa coma un 3, consiga aprobar a asignatura ó ter un bó comportamento, neste último caso

3.2.3. Contidos mínimos

–Concepto de empresa. Fin e obxectivos. Concepcións sobre a figura do empresario a través do tempo. Localización e dimensión da empresa e responsabilidade social da mesma

–Empresario individual e social: Responsabilidade do mesmo. Características das Sociedades Anónimas, Sociedades Limitadas, Cooperativas e SAL (aínda que legalmente pode haber Sociedades Colectivas e Comanditarias, non ocorre na práctica).

–O Sistema fiscal español (Impostos, taxas e contribucións especiais), centrándose nos impostos que recaen sobre a empresa (IRPF-empresario individual, Imposto sobre sociedades e oIVE) .Terminoloxía usada na definición dun imposto (feito imponible, base imponible, base liquidable, tipo impositivo...). Comprensión da diferenza entre imposto proporcional e progresivo.

–A produción e a produtividade. Problemas de produtividade. Os custos de produción (directos, indirectos, fixos e variables). Obtención do punto morto o umbral de rendabilidade.

–O almacenamento o xestión de stocks. O valor de almacén. Métodos de valoración de existencias (PMP e FIFO). Conceptos e resolución de problemas sobre xestión de inventarios polo método de Wilson.

–Importancia da contabilidade. Masas patrimoniais (Activo, Pasivo e Neto). Concepto de Liquidez e exixibilidade. Estructura dun balance de situación e procedemento para a obtención do resultado empresarial. Análise dos ratios financeiros

–O contrato de traballo, tipos, dereitos e deberes dos traballadores

–A organización do traballo. Teóricos: Taylor, Fayol, Ford. Principios da mesma. O organigrama e tipos de organigrama.

Criterio de avaliación

